

Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal

Resumo de resultados 29/11/2023

Índice

Introdución	1
Tipo de xornada.....	2
Sexo.....	3
Nivel de estudos.....	4
Salario medio e mediano.....	5

Introdución

A [Enquisa de poboación activa \(EPA\)](#) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o [Instituto Nacional de Estadística \(INE\)](#) realiza desde 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O regulamento (CE) nº 1372/2007 do Parlamento Europeo e do Consello establece a obrigatoriedade de incluír a variable *salario do traballo principal* na Enquisa de Forza de Traballo da Unión Europea (Enquisa de poboación activa en España); deste xeito, introdúcese como variable de clasificación o nivel de remuneración na análise das características do emprego principal para os traballadores e as traballadoras por conta allea ou persoas asalariadas. Na Enquisa de poboación activa o INE optou por emplegar rexistros administrativos para obter esta variable (ver [metodoloxía](#)).

O salario mensual calculouse dividindo por doce o total salarial percibido no ano, polo que se prorrataren os pagos salariais que non teñen periodicidade mensual (entre outras, as pagas extraordinarias). O regulamento esixe que o salario se codifique en deciles; polo tanto, unha vez estimados os salarios mensuais, calculáronse os deciles da distribución salarial e clasificouse ás persoas en función do decil ao que pertencían. Así, no decil 01 está incluído o 10% dos asalariados e das asalariadas que perciben o salario máis baixo; pola súa banda, o decil 10 corresponde ao grupo do 10% das persoas que perciben o salario máis alto.



Tipo de xornada

Un factor determinante á hora de analizar os salarios das persoas traballadoras é o tipo de xornada laboral que realizan. Deste xeito, os traballadores e as traballadoras con xornada parcial concentraranse con maior frecuencia nos tramos salariais más baixos.

En 2022 o 69,03% das persoas asalariadas de Galicia con xornada parcial gañou menos de 986,36 euros mensuais (en termos brutos); o 16,28% entre 986,36 e 1.260 euros e, finalmente, o 14,69% restante máis de 1.260 euros mensuais. Pola contra, entre as persoas asalariadas con xornada completa, a porcentaxe das que ingresaron menos de 986,36 euros ao mes sitúase no 0,45%.

O colectivo de persoas asalariadas con xornada completa representaba en 2022 o 86,09% do total de asalariados e asalariadas de Galicia. O 20,3% destas persoas ingresou menos de 1.417,55 euros ao mes, o 45,06% entre 1.417,55 e 2.241,87 e o 34,62% máis de 2.241,87 euros mensuais.

Persoas asalariadas por tipo de xornada e decil salarial. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe sobre o total de persoas asalariadas por tipo de xornada (%)

Decil	Total	Completa	Parcial
Total	100	100,00	100,00
Menos de 986,36 €	10	0,45	69,03
De 986,36 a < 1.260 €	10	8,99	16,28
De 1.260 a < 1.417,55 €	10	10,86	4,55
De 1.417,55 a < 1.572,11 €	10	10,55	6,62
De 1.572,11 a < 1.734,19 €	10	11,36	1,44
De 1.734,19 a < 1.950,34 €	10	11,54	0,64
De 1.950,34 a < 2.241,87 €	10	11,61	0,00
De 2.241,87 a < 2.681,29 €	10	11,50	0,64
De 2.681,29 a < 3.505,5 €	10	11,49	0,80
3.505,5 ou máis €	10	11,63	0,00

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal (descarga da táboa)



Sexo

Segundo o sexo da persoa, o 18,66% dos homes recibiu un salario inferior aos 1.417,55 euros mensuais en 2022; o 48,29% gañou entre 1.417,55 e 2.241,87 e o 33,03% percibiu máis de 2.241,87 euros.

Entre as mulleres, a porcentaxe incluída no primeiro dos intervalos (menos de 1.417,55 euros/mes) sobe ata o 41,85%. Hai que ter en conta que en 2022 o 5,79% dos homes tiña xornada parcial fronte ao 22,41% das mulleres.

Persoas asalariadas por sexo e decil salarial. Galicia. Ano 2022


Unidade: porcentaxe sobre o total de persoas asalariadas por sexo (%)

Decil	Total	Homes	Mulleres
Total	100	100,00	100,00
Menos de 986,36 €	10	4,21	16,05
De 986,36 a < 1.260 €	10	6,66	13,50
De 1.260 a < 1.417,55 €	10	7,79	12,30
De 1.417,55 a < 1.572,11 €	10	9,98	10,03
De 1.572,11 a < 1.734,19 €	10	13,35	6,46
De 1.734,19 a < 1.950,34 €	10	12,61	7,32
De 1.950,34 a < 2.241,87 €	10	12,35	7,55
De 2.241,87 a < 2.681,29 €	10	11,44	8,46
De 2.681,29 a < 3.505,5 €	10	10,13	9,87
3.505,5 ou máis €	10	11,46	8,50

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal (descarga da táboa)

Distribución das persoas asalariadas segundo o decil salarial e o sexo. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe sobre o total de persoas asalariadas por sexo (%)



Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal (descarga da táboa)

Nivel de estudos

Na seguinte táboa pódese observar como, en termos xerais, o salario increméntase a medida que aumenta o nivel de formación da persoa.

En 2022 case a metade (o 48,04%) das persoas asalariadas con estudos superiores ingresou máis de 2.241,87 euros ao mes; o 16,84% das persoas con educación secundaria de segunda etapa completada ingresa máis desta cantidade. Esta porcentaxe sitúase no 8,81% para as persoas que non completaron a segunda etapa da educación secundaria e no 1,08% para as persoas analfabetas ou con estudos primarios. En 2022 o 39,46% da poboación con menor nivel de formación (analfabeta ou con estudos primarios) percibiu un salario inferior aos 1.417,55 euros ao mes.



Persoas asalariadas por nivel de estudos e decil salarial. Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe sobre o total de persoas asalariadas por nivel de estudos (%)

Decil	Total	Analfabetos e estudos primarios	Educación secundaria. Primeira etapa	Educación secundaria. Segunda etapa	Estudios superiores
Total	100	100,00	100,00	100,00	100,00
Menos de 986,36 €	10	9,19	12,39	13,92	6,99
De 986,36 a < 1.260 €	10	15,68	14,03	13,05	6,32
De 1.260 a < 1.417,55 €	10	14,59	15,27	11,90	6,25
De 1.417,55 a < 1.572,11 €	10	15,14	13,15	12,00	7,28
De 1.572,11 a < 1.734,19 €	10	16,22	14,92	12,00	6,30
De 1.734,19 a < 1.950,34 €	10	24,86	12,53	9,88	8,22
De 1.950,34 a < 2.241,87 €	10	3,24	8,90	10,41	10,63
De 2.241,87 a < 2.681,29 €	10	1,08	5,62	9,12	12,95
De 2.681,29 a < 3.505,5 €	10	0,00	2,48	5,61	16,26
3.505,5 ou máis €	10	0,00	0,71	2,11	18,83

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal ([descarga da táboa](#))

Salario medio e mediano

O salario medio das persoas que traballaron a tempo completo en Galicia no ano 2022 sitúouse nos 2.253,7 euros brutos ao mes, 1.418,1 euros por riba do salario medio das persoas que traballaron a tempo parcial (835,6 euros/mes).

Os homes gañan, de media, 340,8 euros máis que as mulleres; os primeiros ingresaron arredor de 2.222,9 euros brutos ao mes, mentres que o salario medio mensual das mulleres situouse nos 1.882,1 euros brutos ao mes en 2022.

A metade da poboación asalariada gaña menos de 1.734,2 euros ao mes. Tamén se aprecian diferencias entre xéneros á hora de analizar o salario mediano: coma no caso do valor medio, este é maior para os homes que para as mulleres.



Salario medio e mediano por tipo de xornada e sexo. Galicia. Ano 2022

Unidade: euros/persoa

Xornada	Media			Mediana		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	2.056,5	2.222,9	1.882,1	1.734,2	1.879,9	1.544,8
Completa	2.253,7	2.308,5	2.184,0	1.887,6	1.920,0	1.798,4
Parcial	835,6	829,7	837,2	799,6	825,2	796,4

Fonte: IGE. *Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal (descarga da táboa)*

A ocupación co maior salario bruto mensual no ano 2022 en Galicia é a de dirección e xerencia, onde se ingresa de media uns 4.803,4 euros brutos ao mes; seguen a esta a ocupación de técnicos e profesionais científicos e intelectuais (3.138,4 euros/mes de media) e a de técnicos e profesionais de apoio (2.388,7 euros/mes).

Por outra parte, as profesións con menor salario medio bruto ao mes son as que se corresponden con ocupacións elementais, onde se gaña de media uns 1.223,6 euros brutos ao mes.



Salario medio e mediano por ocupación (CNO-2011). Galicia. Ano 2022

Unidade: euros/persoa

Ocupación	Media	Mediana
Total	2.056,5	1.734,2
Ocupacións militares	1.748,2	1.751,0
Directores e xerentes	4.803,4	4.752,9
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	3.138,4	2.919,2
Técnicos e profesionais de apoio	2.388,7	2.213,1
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	1.760,4	1.712,4
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	1.507,3	1.410,6
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	1.583,9	1.525,5
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construcción	1.871,8	1.736,1
Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	1.798,1	1.719,7
Ocupacións elementais	1.223,6	1.276,3

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Decil de salarios do emprego principal (descarga da táboa)

Pode consultarse a metodoloxía desta estatística na seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_deciles_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto:

<https://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp?paxina=005006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981 54 15 89 (de 9 a 15:00 h.)

Fax: 981 54 13 23

Sitio web: <https://www.ige.gal>